

O teatro de Manuel María

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Tres son as potencias da alma, segundo a filosofía aristotélica e escolástica: memoria, entendemento e vontade. Delas tres fixo uso competente o noso escritor. Aventuramos que o apelo a esta fonte epistemolóxica non sería do seu desagrado, e mesmo lle resultaría familiar, coñecida a súa boa formación filosófica e relixiosa. Mais, naturalmente, a utilización que deste trinomio facemos non se afilia á epistemoloxía orixinal senón a analogía interesada pola nosa parte. Memoria, entendemento e vontade significan, respectivamente, na súa tradución socioliteraria e na persoa e obra de Manuel María, 1) resgate e ficcionalización da historia, da memoria histórica, da Galiza; 2) entrega intelectual á causa de romper a afasia e a despersonalización que unha tradición negativa impuxo aos galegos; 3) empeño volitivo e consciente por socializar a arte literaria, como metonimia -e, tamén, como alavanca simbólica- da conciencia sobre a nación e os seus signos.

Desde estes presupostos xenéticos, a obra toda de Manuel María é interpretable, si, como a dun poeta (o atributo central máis reiteradamente adxudicado á súa personalidade), mais a condición, pensamos, de que *poeta e poesía* se lean etimoloxicamente, isto é, como creador e enerxía creadora, respectivamente. Ela, a creación, aspira sempre a converter o caos en cosmos, ou sexa, nunha orde ou sistema cuxos componentes dialoguen entre si e entre si cobren sentido. ¿Cal era o noso caos particular? O mutismo, a (auto)represión, a xenoestima, a fragmentación, o localismo, a auto-burla, a diglosia. O cosmos que Manuel María aspira a deseñar, no ecuador

do século XX e até os nosos días, tencionada devolver a positividade e a lexitimidade a todo o que as posuía de seu antes de lle seren arrebatadas ao pobo submetido. Da socioloxía e da psicoloxía arrasadoras pasamos, neste exercicio, á óptica realista e, tamén, por obvia necesidade, á apoloxética. A comezar, en primeiro lugar, pola lingua e a súa rehabilitación pública e artística; a seguir, pola escolla de suxeito épico, de raíz e actuación claramente popular; a culminar, na factura dunha obra literaria que rompe ou mistura as categorías xenéricas e que pode ser interpretada como o conxunto de sucursais da mesma matriz: a re-significación da Galiza, á maneira pedraiana e de tantos clásicos valiosos, na súa xeografía, na súa historia, na súa loita política, nos seus mitos e, desde logo, na súa virtualidade lírica, que os versos de Manuel María van dilatar, por certo, até extremos non practicados con anterioridade, porque a poesía, como a arte, en xeral, é omnívora e calquera preceptiva ou preconceito que a leve á anorexia é forzosamente letal.

Todo o dito considerámolo de aplicación á produción teatral do noso autor. Utilizaremos á mantenta, aproveitando que o Miño pasa por Lugo, a imaxe fluvial, para tentarmos caracterizar, sequer sexa esquemáticamente, a unidade e, ao tempo, variedade desta súa obra, que ultrapasa os trinta títulos e que contén propostas diferenciadas, mais que, á maneira do noso grande río, recibe augas de serras e mananciais de procedencias diversas e distantes. Vamos xogar cos nomes de cinco afluentes miñanos: o Sil, o Ladra, o Cabe, o Avia... e un que non é afluente, o modesto regato do Cepelo, á beira da terra natal do autor e que o autor consagrou poética e teatralmente. Son tamén cinco os microcosmos en que pode ser analizado o teatro de Manuel María. Velai:

- 1) A liberdade do individuo, dereito humano basilar, esencial ao propio ser humano.
- 2) Galiza, pobo con historia.
- 3) A materia galega, obxecto privilexiado de literaturización (“Nada galego me é alleo”, adaptación da sentenza terenciana): a súa paisaxe distintiva; a súa humanidade peculiar; a súa socioloxía e psicoloxía colectiva. Adiante-mos que Manuel María semella cumprimentar, neste punto, aquel cuestionario que Castela colocaba en *Sempre en Galiza* como teste de demostración nacional: “¿Ten Galiza un idioma propio? ¿Ten territorio diferente? ¿Ten unha vida económica peculiar? ¿Ten hábitos psicolóxicos reflexados n-unha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, pol-o tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida”¹. Por se houber algunha dúbida, inxenua ou interesada, Castela pontualiza: “[...] cando decimos “a nosa Terra” queremos dicir “a nosa Nación”², nunha aclaración *ante- e post-* a

¹ CASTELAO, A. R.: *Sempre en Galiza* [1944], ed. Akal, Madrid, 2ª ed., 1977, páx. 40.

² *Ibidem*.

respeito de semánticas esencialistas, quietistas ou místicas do concepto “Terra”. O corolario castelano é obrigado: se a “Galiza é unha unidade nacional perfecta”³, ten dereito a dispor do seu destino. Esta é, tamén, a liña filosófica subterránea da obra teatral de Manuel María e, ao tempo, o seu corolario. O formulario de Castelao é o pano de fondo do teatro do noso autor; vai ser cumprimentado, posta a potencia en acto, na súa obra, reveladora, con efecto, de: lingua distintiva; territorio diferenciado; vida económica peculiar; hábitos psicolóxicos reflectidos nunha cultura de seu.

- 4) A necesidade de a literatura teatral servir de axente impulsor da conciencia cívico-política, conciencia que naza da materia galega e volte a ela como forma de (re)coñecer a realidade desde unha óptica desalienada.
- 5) O dereito a un futuro libre, en cerramento circular do primeiro punto que enunciámos, ou sexa, a indisolúbel unidade de dereitos individuais e aspiracións colectivas.

Como observarán, este *prius*, esta definición previa do teatro de Manuel María obriga a ensaiarmos unha clasificación semántica, e non exactamente sintáctica (se valeren as metáforas gramaticais). Explicámonos. Os estudiosos do teatro de Manuel María (con aportacións valiosas, mais en pequeno número: está por facer a análise integral desta parte da produción do autor) teñen procedido a estudalo tendo en conta unha clasificación cronolóxica (Camilo Gómez Torres; Manuel Lourenzo e Francisco Pillado) ou mixta (Laura Tato; Miguel Mato), cronolóxico-temática. Topan coa dificultade, recoñecida, de encaixaren en taxonomías convencionais unha produción teatral que, mesmamente, as rompe ou mistura, en tantos casos. De por parte, a evolución desde uns textos máis sinxelos ou asequíbeis, primeirizos, até uns outros máis maduros ou elaborados, tampouco non vale, pois, por exemplo, unha peza fundamental como o *Edipo* data nada menos que de 1960, embora fose publicada 43 anos máis tarde, en 2003, pola “Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor”. Esta obra, central na dramática do autor (lembramos: escrita aos seus 31 anos), lévanos da man a un outro aspecto que sería preciso ter en conta para unha adecuada ordenación do universo teatral do autor, cal é a diferenza entre data de escrita e data de publicación, se esta existe; inéditos absolutos (obras escritas, non publicadas nin representadas) e inéditos relativos (obras escritas, non publicadas, mais si representadas): o *Auto Trascendental / da Escola Tradicional* sería un bon exemplo; e, mesmo, obras modificadas no tránsito da súa escrita orixinal á súa publicación (un exemplo significativo é *A noite ten un camiño*, de 1977, publicada 15 anos máis tarde, en 1992, sob o título *A lúa vai encoberta*, que reduce a extensión da orixinal e elimina certas referencias históricas). Aínda teríamos que ponderar un outro factor analítico: a intertextualidade

³ *Ibidem*, páx. 39.

interna á obra do autor, as súas recorrencias: así, por exemplo, o Día da Patria Galega, a memoria-homenaxe a Xosé Ramón Reboiras, certas personaxes populares..., van ter asento, xunto ao formato teatral, noutros xéneros practicados polo autor.

De modo e maneira que para guiármonos nesta exuberante *selva*, propomos a perspectiva semántico-intencional, conforme á cal a súa obra teatral ficaría ordenada así:

- 1) A necesaria reposición histórica. Aquí entrarían *Unha vez foi o trebón* (1976-1992⁴); *Abril de lume e ferro* (1976-1989); *A noite ten un camiño – A lúa vai encoberta* (1977-1992); *Auto do Castromil ou a revolución dos baúles* (1992); *Auto de Don Gaíferos ou o tránsito iluminado* (1993).
- 2) A liberdade, poliédrica, ou con varios brazos, como as deusas *shivas*, atributo esencial do ser humano e a súa concreción histórico-mítica. Incluímos nesta sección *Edipo* (1960-2003); *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1976-1979, e con varias edicións posteriores: 1980, 1981, 1993 a cargo da AS-PG); *Farsa de Bululú. O meu mundo non é deste reino* (1973-1992); *Auto Transcendental / da Escola Tradicional* (1977-inédita).
- 3) A materia galega, concretada en suxeitos épico-líricos absolutamente clasicísticos, entendendo o adxectivo como resultado dunha moito deliberada escolla de clase social, capítulo a que pertencen obras en que, por certo, se practica unha interesada refacción do formato dramático. Como é sabido, o auto tradicional versa sobre personaxes bíblicos ou alegóricos (del deriva ou a el se adscribe o auto sacramental, que glorifica a Eucaristía do dogma católico). Pois ben, os autos do teatro de Manuel María van canonizar personaxes como os que, a seguir, enumeramos (a conversión en dramatizábel do elemento popular, do elemento traballador): *Auto do taberneiro* (1957); *Auto do labrego* (1960-1961); *Auto do mariñeiro* (1961-sucesivas edicións: 1970, 1976, 1980, 1982); *Auto da costureira* (1973).
- 4) O teatro propagandístico ou panfletario. Adiantemos que utilizamos os dous adxectivos -nomeadamente, o segundo- na súa significación orixinal. Non apomos a “panfletario” a connotación pexorativa que se lle adheriu con posterioridade á súa primeira utilización: usámolo como sinónimo de escrito -estilisticamente satírico ou humorístico- intencionalmente dirixido a captar a simpatía do receptor para unha causa política. Incluímos, neste apartado, *A Folga* (1976); *Auto da Autonomía* (1980); *Entremés do vintecino de xullo, Día da Patria Galega* (1980); *Farsa épico-lírica -ou viceversa- moi moral e de grande proveito sobor da doutrina político-metafísica de Comell/hada Frainal/eu* (1992).

⁴ A primeira data indicada é sempre a da escrita; a segunda, a de publicación, en ela existindo. No caso de data única, é que ela se corresponde con ambos actos ou ben que é inédita.

- 5) Finalizamos esta clasificación, que, como ben se ve, non é exhaustiva de toda a obra teatral do autor (36 títulos), senón exemplar, cunha aportación non menor, no noso xuízo. Trátase dos paratextos que, no caso dun autor prolífico e elocuente como Manuel María, cobran especial importancia. Por sobre declaracións, artigos ou ensaios literarios, mencionamos dous relevantes. Un é a adaptación -máis que paratexto, metatexto, logo- do espléndido *Poema en catro tempos – A un pescador galego* (1981) de Eduardo Blanco Amor (1931), en que o noso autor teatraliza (nunha sorte de feliz conmemoración do cincuentenario da obra orixinal), con total respecto á tetraloxía orixinal e, por tanto, con especial atención á factura musical (lémbrese que Blanco Amor titula o seu tetrapoema con *tempi* musicais: “I. Adagio Sostenuto”, “II. Scherzo Adagio”; “III. Presto”, “IV. “Andante maestoso”). Manuel María, moi cursidosamente, segue fielmente este esquema sinfónico e incorpora didascalías referidas á ilustración musical a cargo de clásicos galegos, como Xoán Montes ou Gustavo Freire (autor, o primeiro, da música da celeberrima “Negra sombra”, e o segundo de pezas tan populares como “Festa na Tolda”, entre outras moitas). É o segundo paratexto seleccionado o Manifesto do Día Mundial do Teatro, de 1994, ao noso autor encomendado. Significativamente, o Manifesto manuelmariano vaise titular “Manifesto Galego”, adxectivo non ornamental ou ritual, pois vai conectar directamente coa diacronía e evolución do teatro galego que o escritor ten interese particular por facer: o “mundial”, xa que logo, declinado en paradigma galego. Comeza o percurso coas primeiras tentativas do Rexurdimento; segue a mención da estratexia deliberada dos protagonistas das Irmandades da Fala e da Xeración Nós; o labor de Luís Seoane e, até os nosos días, dos artífices principais do xénero. Tal posta en valor do teatro galego conéctaa o autor á necesidade de o continuar con novas aportacións que non omitan aquela tradición en se facendo reos de imitación ou de adaptación de obras estranxeiras, doutras literaturas. Xulga a normalización do feito teatral peza indispensable para a normalización xeral da cultura e da sociedade galega. Reivindica un papel moito máis activo para o Centro Dramático Galego, que debería operar cunha total autonomía, sen subordinacións nen dependencia do poder turnante. Nomea directamente a responsabilidade das administracións públicas -Xunta de Galiza, Deputacións, Concellos- para apoiaren a profesión teatral e a súa oferta pública. Conclúe cun apelo á responsabilidade-colaboración de todos para que o teatro galego se revitalice, porque ningún atentado contra a beleza necesaria é permisíbel e porque é primordial “facer país”, tamén co teatro.

Diagnóstico-prognóstico tan claros e valentes non pasaron inadvertidos no mundo da profesión nen no institucional. Levantou ronchas nalgúns, que o entende-

ron cabalmente. Lonxe de se apontar ao costume galante-ritual, Manuel María realiza a disección realista de problemas e necesidades do sector e propón solucións. Se demoramos unha miga na explicación do seu contido, é porque o imos utilizar como portelo por onde entrarmos á consideración, embora breve, dalgunha obra teatral do autor, unha vez definidos os esteos en que pousa e a súa propia declaración teórica.

Na primeira sección apuntada, a histórica, subliñaremos como este capítulo teatral compón, en por si, un manual ficcionalizado-dramático da Historia de Galiza, con maiúsculas: o episodio dos Irmandiños, no século XV; os Mártires de Carral, no XIX; a historia contemporánea, desde 1936 até os comezos do rexime autonómico. Repárese en que, a teor das datas de escrita, o autor está a compor, *ex abundantia cordis* e, ao tempo, como deliberado empeño intelectual-político, a historia da Galiza que, simplemente, non existía nen nas Academias, nen no ensino nen no mundo institucional: os froitos (vizosos ou merados) destes recintos habían vir despois. Saíentamos, en primeiro lugar, *A noite ten un camiño* (1977), isto é, o remate formal da ditadura debería alumar a historia autónoma da Galiza. Nesta peza, que comeza coa noticia radiada da presentación do Estatuto Galego, en Madrid, 1936, históriase a continuación da guerra civil e do imperio fascista; a loita dos guerrilleiros; a actuación do galeguismo do interior, con insuperábeis diálogos cómicos; a emerxencia do nacionalismo, nos anos '60 e '70, a virulenta represión do derradeiro quinquenio do franquismo (Ferrol, 1972, 1975), até os mesmos días -crónica en tempo real- en que a obra se escribe: 1977. Unha “Canción de Fe para servir de remate” pon o ramo, nas voces de todo o elenco actoral, á peza: “Cómpre loitar a oito, día tras día, / cómpre poñer na loita o corazón. / ¡Loitaremos con pulo e valentía / xa que temos o dereito e a razón! [...] O porvir de Galicia é soio noso / aberto cara á luz i á irmandade. / ¡Ha de ser un futuro moi fermoso / con bandeiras de amor e libertade!”: oración laica, arenga en prol da auto-organización e da defensa patriótica. Na versión publicada desta obra, con mudanza de título, como xa se dixo, o autor introduce emendas parciais, mais, sobre de todo, muda, de forma importante, o final: lémbrese a súa publicación, en 1992, en edición non venal, do desaparecido *Diario 16 de Galicia*. Os galeguistas históricos ou, máis ben, históricos, xa están debidamente colocados no aparello autonómico. O remate da obra elimina aquela emerxencia da loita e organización nacionalista que aparecía retratada até o mesmo 1977 e ofrece, en troca, o contraste entre home escéptico, desconfiado e individualista, entregado á bebida-alienación, e muller firme nas súas ideas e comprensiva, con todo, con interlocutor tan displicente e apático: representación das dúas Galizas, a alleada e colonizada / a consciente con ansia de futuro. O remate, nesta peza publicada, vai estar encomendado -a diferenza daquela canción épica da orixinal- a unha “Cántiga popular” (do épico ao lírico, por tanto) que canta a Muller: “A lúa vai encoberta, / a min pouco se me dá: / ¡a lúa que a min me alumina / dentro do meu peito está!”. Final aberto que, nos seus antecedentes e nas súas supresións, fala quizais da posición autorial á altura de 1992, máis descrida ou desencantada do que antano. Será ben revelador (prometemos facelo) realizar mi-

nuciosamente unha comparativa entre obra escrita e obra publicada. Separadas ambas polo tempo dunha xeración, 15 anos, informan ben da evolución do autor e, asemade, do decurso histórico galego nun período significado da historia recente.

Auto do Castromil ou a revolución dos baúes (1992) é unha deliciosa peza que o autor compón como homenaxe a D. Ramón Otero Pedraio e á Empresa Castromil, cuxos autocares de liña usaba regularmente o grande escritor. Finado o primeiro en 1976; absorbida a segunda, no presente, pola multinacional de turno. O Don Ramón *compostelano* é despedido, na súa viaxe para Ourense, por Fermín Bouza Brei, Xosé Manuel Beiras, Floro Morán, Gonzalo Rodríguez Mourullo. Nesa viaxe, don Ramón, adurmiñado, fala, en monólogo-soño, das súas preocupacións, das súas fantasías. Mais, en rebeldía animista ou surrealista, velaquí que, nunha parada, os baúes, malas, petates... despertan da súa inercia, ameazan o chofer e dan voz á personalidade dos seus propietarios. Así, falará o baúl do castrapista (emigrante retornado); a maleta do viaxante de comercio; o macuto do vagamundo; todos eles, naturalmente, con fidelidade ao seu papel de clase e mentalidade. Idean levar D. Ramón ao aeroporto de Barajas para de alí viaxar a Venezuela. O soño córtase bruscamente cando o chofer do autocar de verdade frea en seco e o escritor, que se define como “unha pantasma do pasado”, desce do auto e é recibido, xa en Ourense, por esposa e amigos, sendo homenaxeado como “Viaxeiro de Honra do Castromil”.

Na segunda sección consignada, só nos referiremos -o tempo preme- a dúas obras de fasquía e proxección ben diferentes. *O Auto Trascendental / da Escola Tradicional* foi representado por centros escolares de todo o país e abofé que a parodia que realiza do ensino autoritario e españolizado resultaba ben realista a aquela altura (1977). O efecto cómico estaba garantido pola caricatura e a hipérbole na caracterización das personaxes que, porén, son ben reveladoras de arquetipos ben reais. Resulta ser, en formato teatral, a concreción, nin máis nin menos, do programa da UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galiza) e de ERGA (Estudantes Revolucionarios Galegos). A segunda obra de que nos ocuparemos é ben diferente, na data de escrita (1960), na súa fonte mítico-literaria e mais na mensaxe final. Trátase de *Edipo*, que, sen máis preámbulos, cualificamos como unha peza clásica da dramaturxia galega contemporánea. Collamos emprestada a propia voz prologal do autor:

“Co *Edipo* tentamos crear un personaxe que resultase ser un anti-Franco, o tirano cruel e omnipotente que estabamos a padecer. Un Edipo que fose, máis que un rei ou un brinquedo do Destino e da Fatalidade, un home bo e xeneroso, incommovíbel nos seus principios éticos: o xefe humanísimo que endexamais atraizoará a súa xente, cumpridor do seu deber até as derradeiras consecuencias, disposto a sacrificar a vida polos seus ideais se preciso for. De Antígona quixemos facer un prototipo de muller forte, valente, filla exemplar e heroica, trasunto das galegas nais, donas, fillas de emigrantes -e non só- que tan insuperábel e esforzado cometido desempeñaron todo ao longo da historia do noso pobo”.

É, sen dúbida, un Edipo existencialista, que reformula o fado e humaniza arreo o seu papel. A alegoría está servida:

“Unha ledicia trae sempre consigo unha tristura. É lei de vida. Esta ledicia que en min vive dime que o remate dos meus días chegará moi perto. Esa ledicia que vive en ti, Antígona, diche que logo me terás de deixar. Logo nacerá en ti outra ledicia: a da túa liberdade. Entón serás ceibe como o paxaro no ar e lembrarás o teu vello pai con compaixón e con melancolía. A liberdade é a cousa máis fermosa que hai no mundo” (Edipo, na Xornada III).

Na terceira sección, xa adiantamos o noso xuízo de como o autor, en xogo non banal, reformata o subxénero do auto e terrenalízao, materialízao, en suxeitos épicos ben diferentes dos tradicionais e conservadores, no ronsel das escollas practicadas por Rosalía de Castro e Castelao. Brilla por toda a parte, en innovación estilística ben clara, o tratamento onírico, animístico, surreal: falan os bocois, a cunca, o bruído do mar, a lúa, a Terra que dialoga co labrego... Como, tamén, no *Auto do Regato do Cepelo* (1993), con apoteose de assembleístas da natureza: o galo (cúmplice de Don Capitón, o alcalde), os corvos, o burro, a abidueira lanzal, o abeneiro vello e até as máquinas contratadas polo alcalde para facer desaparecer o regueiro. Martín Iglesias e Manuel de Paderna botan o seu esconxuro, e as máquinas acaban recollendo o histórico alcalde no seu cazo. O regato do Cepelo ponse en pé para mellor ollar a fuxida das máquinas, mentres as árbores e os seus amigos reloucan de alegría. Ou como no *Paso do viño novo* (1991), onde, en animada concorrencia, falan o Rumor do Avia, a Voz das Campás, os Vendimadores e as Vendimadoras, os Bocois de Carballo e os Recipientes de Aceiro. Sobra dicir que todo este desfile de animación cumpre unha función alegórica, ao estilo da vella fábula, mais modernizando sempre o sentido e a función do elemento animado ou personificado.

Cómpre indicar que, en calquera formato teatral que se utilice: farsa, auto, paso, pezas de fasquía infantil..., reloce a última intención crítica -nunca acomodaticia- do autor, como tamén un procedemento retórico omnipresente: a ironía e o humor, como lubricantes da diatriba. As recorrencias están á vista: a defensa da natureza; a denuncia das políticas que a destrúen; a exaltación da liberdade do individuo como ser social; a denuncia de calquera caste de tiranía que despersonaliza, submete e aliena o ser humano; a comunicación necesaria entre campo e cidade ou vila, na procura dunha unidade superior -Galiza- que os abranxa.

Como o rótulo, convencionalmente usado de “teatro político” non nos resulta convincente, por pouco definidor (nun sentido lato, teatro político éo todo, até o que renega de o ser ou se declara “apolítico”; nun sentido estrito, adoita cualificar pezas que explicitamente se afilian á exteriorización dunha ideoloxía dada ou dunha concreta acción política), preferimos -como xa indicamos- falar de teatro propagandístico ou panfletario, na acepción orixinal que xa aclaramos. Todo el é correlato dos *Poemas pra construír unha patria* (1977) e desenvolve, ao máximo, a función conativa da lingua e os seus recursos empáticos. Foi Manuel María activo interviniente, nunca espectador “a velas vir”, nos asuntos de maior importancia colectiva e cívica

das últimas décadas. Naturalmente, o que até 1977 se expresaba en clave alegórica, a partir desta data vai lanzar a mensaxe directa: a desvendaxe da autonomía (a “autonomía”) caciqueada e servil co deseño estatal; a importancia do Día da Patria Galega; o aviso contra da entrada na OTAN, a desmontaxe da falsa mística galeguista; a conversión dos Maios tradicionais, á maneira currosiana, en tribuna de afirmación e protesta popular.

Estes son os afluentes que deitan as súas augas no grande río da obra total do noso autor. Porque, ao xeito dos clásicos da nosa literatura, como de calquera outra, a obra de Manuel María é una e é moitas, até encher esa badía maxestosa e caudal que o Miño, xa ben crecido, amosa en Santa Isabel, paisaxe incomparábel, na terra que o viu nacer e á que tantos versos dedicou.

Quixemos demostrar, máis unha vez, como, ao igual que a lingua cómpre estudala fóra dela mesma, na medida en que a sociolingüística revela que o primeiro lexema é epíteto do segundo, a literatura é preciso ollala desde as fontes vitais, culturais, económicas, sociais, políticas e antropolóxicas que a alimentan. O escritor, así, nunca vai ser un recién chegado, unha sorte de marciano viaxeiro en OVNI descoñecido. Mesmamente, todo o contrario: vai levar fondamente impresas na pel -admita ou non- as marcas do seu tempo e da súa terra; un depósito ou acumulación cultural -no sentido máis amplo do termo- que, no caso galego, pode recoñecer e aspirar a incrementalalo ou, polo contrario, desprezalo ou confundilo. Manuel María pertence claramente á xinea dos que emprenderon e realizaron a primeira tarefa descrita. Asumiuno con todas as consecuencias, en evolución enriquecedora, desde os seus primeiros pasos literarios. Non furtou á lingua galega, artisticamente tratada, nengún xénero, nengunha innovación, nengunha materia. Leitor voracísimo e posuidor dunha inmensa cultura intelectual e, tamén, de cultura vital, da experiencia e de coñecemento profundo do seu pobo, tocou, poliedricamente, temas moi diversos, sen autocensuras nen acomodacións á moda, sabedor de que na boa arte, como na baralla de cartas, hai ouros, copas, espadas e bastos..., como na vida mesma. Lonxe de calquera repetición tradicionalista, innovou profundamente a forma literaria galega, nun período crucial, como o que supón a dificultosa e dificultada re-emerxencia literaria da segunda metade do século XX. A súa obra precisa aínda abordaxes e análises que nos den conta de toda a súa riqueza e variedade e rompan rotinas e nugallas interpretativas que, a esta altura, son francamente anacrónicas. “Poeta da Terra Cha” ou “poeta labrego” só poden admitirse como metonimia e metáfora respectivamente, non porque expliquen denotativamente a súa inmensa produción. Outros son os seus atributos, porque xustamente quixo ser, e foi, poeta nacional, da Galiza toda: estas son as súas credenciais. No que toca ao teatro, de que nos ocupamos con velocidade demasiada, cómpre concluír cos seguintes asertos:

1. Manuel María non é un cultivador ocasional do teatro, non é un amator; é dramaturgo de pleno dereito, con 36 obras, como dixemos, no seu haber, moitas delas multirrepresentadas por todo o país, por tanto, cumprindo a variábel esencial do xénero: a súa visibilidade pública.

2. Todo el representa un exercicio de re-ligación do ser galego coa súa estrutura e coa súa superestrutura, unha incardinación-comuñón coa terra e coa cultura específica que nela xerminou.
3. Creacionismo, panteísmo, animismo, existencialismo, patriotismo..., son os –ismos de que é filial. Envolvidos todos eles nun profundo humanismo, en simbiose amor-humor, que limita a crítica corrosiva e dá á iconoclastia a función de futuro elemento construtor dunha sociedade nova.
4. Foi artífice maior do combate contra o silencio, sabedor de que este, o silencio sobre nós mesmos, era o principal dereito que se nos concedía aos galegos. De aí a profusión da súa obra, a súa multiplicidade de rexistos, a oferta pública dirixida a crear unha demanda inexistente.
5. A súa palabra artística representa o maior intento da literatura contemporánea por dar ao idioma a megafonía que precis(ab)a. Debendo ser a lingua ubicua e transversal, así aspirou a que fose a súa obra: coa mesma capilaridade con que o sangue flúe polo noso corpo e garante a vida. Á vida plena da Galiza consagrou o noso autor a súa vida enteira. Que non sexa en vao.

Obrigada pola vosa atención.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

O profesor e investigador Camilo Gómez Torres é o autor da máis completa biobibliografía existente sobre o noso autor. Reproducimos aquí a relativa á súa produción teatral, agradecéndolle o permiso que nos deu para o facer, na intelixencia de que vai cubrir unha necesidade de coñecemento desta parte fundamental da obra de Manuel María, tanto na súa bibliografía primaria, canto secundaria, completada coa nómina de todas as representacións que dela se fixeron. Recollémola da revista *Casahamlet*, nº 7, Maio 2005.

BIBLIOGRAFÍA TEATRAL DE MANUEL MARÍA

1. Pezas teatrais publicadas

Auto do taberneiro, separata de *Quatro Ventos*, nº 10, Braga, 1957.

Auto do labrego, separata de *Céltica*, nº 4, Porto, 1961.

Auto do mariñeiro, 1ª ed., *Vida Gallega*, nº 75-76, Vigo, agosto, 1961, p. 137.

—, 2ª ed., Edicións Xistral, Monforte, 1970. [Edición non venal.]

—, 3ª ed., *Textos para o ensino do galego*, Edicións do Rueiro, A Coruña, 1976.

- , 4ª ed., en *As Nosas Letras 2*, S.A. Casals Ediciones, Barcelona, 1980, pp. 341-345. Edición de Xoán Babarro.
- , 5ª ed., en *Antoloxía do teatro galego*, Ediciós do Castro, Sada, 1982, pp. 455-462. Escolma de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado.
- Barriga verde**, 1ª ed., Edicións Castrelos, Col. O Moucho, nº 8, Vigo, 1968. [Estrenada en 1969, en Ribadavia, polo G. T. Cine-Clube, de Ribadavia.]
- , 2ª ed., Edicións Castrelos, 0Col. O Moucho, nº 8, Vigo, 1969.
- , 3ª ed., Edicións Castrelos, Col. O Moucho, nº 8, Vigo, 1973
- , 4ª ed., Galiza Editora, Ourense, 1996. Edición e estudio introdutor de Santiago Esteban Radío.
- Auto da costureira**, suplemento de *30 cabodano do Hogar Gallego para Ancianos*, Bos Aires, 1973.
- Semente de dramón dos medios de comunicación** (fragmento), en “Especial Letras Galegas”, *A Nosa Terra*, nº 14, Vigo, 12-V-1978, p. 14.
- Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela** (ou **A Berenguela**), 1ª ed., Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 5, A Coruña, 1979. Portada de Xan González. [Estrenada en 1976, en Ribadavia, polo G. T. O Espantallo, de Sarria.]
- , 2ª ed., Edicións Xistral e AS-PG, Col. Xogando ao Teatro, Santiago-Ourense, 1981. Portada e ilustracións de Pepe Barro.
